



## *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural en Google Books*

Juan L. Blanco Valdés  
juanblv82@gmail.com



Juan L. Blanco Valdés, José López Campos, Luis Collado, Juan A. Fernández Castro e M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas (Foto: Catrogatos).

Grazas a un acordo promovido polo coordinador editorial de *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, Juan L. Blanco Valdés, e asinado entre a Fundación Cultural da Estrada, representada polo alcalde do Concello, José López Campos, e Google Books, representada por Luis Collado, responsable de Google Books y Google News para España y Portugal, todos os volumes da revista están dende marzo aloxados a texto completo en Google Books, o que representa un avance máis, de grande importancia e impacto, no proxecto dixital da revista, tras a estrea en 2011 da plataforma dixital *miscelanea.aestrada.com*. O acto de presentación tivo lugar no mes de marzo na sala de prensa do Concello coa asistencia do Sr. Alcalde do Concello, do responsable de Google Books, do director da revista,

Juan Andrés Fernández Castro, da patrona do Museo Manuel Reimóndez Portela, M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas, e do coordinador editorial da revista, Juan L. Blanco Valdés. Todos os interviñentes fixeron fincapé no potencial de universalidade que o aloxamento en Google Books proporcionará á publicación. Pola súa parte, Luis Collado salientou a “enorme satisfacción” que, como amante dos libros e da cultura, lle produce esta colaboración, convencido, ademais, da trascendencia da historia local no desenvolvemento da grande historia. Rematou o acto o alcalde, quen agradeceu á dirección da revista a impagable contribución que fai á cultura estradense e, por extensión, galega en xeral e, moi especialmente a Luis Collado, a presenza do cal no acto interpretou como unha “manifestación clara de afecto e interese por parte dunha compañía que representa como ningunha outra o valor universal da Internet”. Entre marzo e novembro do presente ano 2012, producíronse 800 accesos a números da revista en Google Books cun total de 12.100 páxinas visualizadas.